

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8

SESION EXTRAORDINARIA DO 4 DE XUÑO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e seis minutos do día catro de xuño do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral accidental do

Pleno que asina D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Bos días, señoras e señores concelleiros. Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria, convocado o día 30 do pasado mes para o día de hoxe, coa orde do día que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Constatamos quórum e abrimos sesión pública.

Antes de iniciar o Pleno queremos amosar a nosa satisfacción polo fito histórico de onte da subida do Real Club Celta á Primeira División.

1.- (103).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PXOM, RELATIVA AO FONDO EDIFICABLE NAS ORDENANZAS 3 E 4, VERSIÓN V.1. EXPTE. 13145/411. (REX. 475/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe proposta emitido con data 25 de abril polo técnico de Planeamento e Xestión, coa conformidade do xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico e máis da xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo:

I.- O 16.09.2011, a Concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos ditou unha resolución -da que tomou conta o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na súa sesión ordinaria do 30.09.2011- pola que iniciaba o procedemento tendente á modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), no tocante ás condicións de fondo edificable das ordenanzas 3 (edificación en couzada pechada) e 4 (edificación en aliñación de rúa), encomendando aos servizos técnicos e xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo a elaboración da documentación técnica e a tramitación administrativa desta modificación.

S. Extraord. 04.06.12

II.- O 04.10.2011, remitiuse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI) o anteproxecto de planeamento da Modificación Puntual nº 4 do PXOM elaborado polos servizos técnicos da XMU xunto cun informe de igual data emitido pola técnica de medio ambiente, como documento de inicio para a tramitación da consulta previa esixida polo art. 4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. a fin de que o órgano ambiental determinase se a modificación debía ser sometida a avaliación ambiental estratéxica.

O 24.11.2011 (DOC. 110151363) tivo entrada no rexistro da XMU un oficio da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que se daba traslado de copia dilixenciada da decisión do 10.11.2011 do citado órgano, pola que acorda non someter a modificación puntual número 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, decisión que foi obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* -DOG- nº 233, do 07.12.2011.

III.- De conformidade coa normativa reguladora do dominio público, solicitáronse por atentos oficios de 03.02.2012 os seguintes informes sectoriais preceptivos previos á aprobación inicial, aos que se xuntou copia dun informe-resumo do 01.02.2012 do técnico de administración xeral que subscribe:

IV.- Evacuando o trámite conferido, constan no expediente os seguintes informes sectoriais, todos eles favorables:

- Ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino, no referente ás competencias estatais en materia de costas (nº de saída 1378-2012), recibido o 16.02.2012
- Á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), no referente ás competencias autonómicas en materia de costas (nº de saída 1381-2012), recibido o 16.02.2012
- Á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, en materia de estradas da súa competencia (nº de saída 1384-2012), recibido o 20.02.2012
- Ao Servizo Provincial de Infraestruturas da CMATI de Galicia, no referente ás estradas de competencia autonómica (nº de saída 1389-2012), recibido o 16.02.2012
- Á Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias do Ministerio de Fomento, no referente ás infraestruturas ferroviarias (nº de saída 1398-2012), recibido o 21.02.2012

V.- Realizado o trámite conferido, constan no expediente os seguintes informes sectoriais, todos eles favorables:

- Do Subdirector General de Infraestructuras y Proyectos do Ministerio de

- Fomento, do 21.02.2012 (recibido o 07.03.2012, DOC. 120025883), no que indica que a modificación proposta non entra en conflito coas infraestruturas ferroviarias planificadas ou existentes no termo municipal de Vigo
- Do Xefe del Área de Planeamiento da Subdirección General de Dominio Público Marítimo Terrestre do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, do 20.03.2012 (recibido o 27.03.2012, DOC. 120035339), no que se sinala que a modificación proposta non ten incidencia sobre as determinacións da Lei de costas que afectan ao litoral, polo que non procede efectuar obxección ningunha á modificación proposta
 - Da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio da CMATI, do 27.03.2012 (avanzado por fax o 02.04.2012, DOC. 120036391, e recibido o 03.04.2012, DOC. 120037945), no que se informa que a modificación proposta non semella resultar de aplicación no ámbito do dominio público marítimo terrestre e da súa zona de servidume, polo que non procede efectuar obxección ningunha á ordenación proposta
 - Da Axencia Galega de Infraestruturas, do 12.04.2012 (recibido o 24.04.2012, DOC. 120048738), no que se indica que a modificación puntual non afecta ás estradas autonómicas, tendo en conta o cal informa favorablemente a mesma

V.- O 25.04.2012 emitiuse polo técnico de administración xeral que subscribe, o arquitecto municipal xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico e a arquitecta municipal xefa de Planeamento e Xestión o informe de legalidade e calidade técnica esixido polo art. 85.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

VI.- O 25.04.2012 pasa o expediente a informe do técnico de administración xeral que subscribe, a fin de redactar a proposta de aprobación inicial da Modificación Puntual nº 4 do PXOM ao órgano competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado* -BOE- nº 154, do 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; *Diario Oficial de Galicia* -DOG- nº 252, do 31.12.2002 (LOUGA)
- Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 221, do 15.09.1978 (RPU)
- Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 27, do 31.01.1979 (RXU)

S. Extraord. 04.06.12

- Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE nº 175, do 23.07.1997
- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente; BOE nº 102, do 29.04.2006
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia; DOG nº 94, do 16.05.2007
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; DOG nº 139, de 18.07.2008 (LPPG)
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia; DOG nº 214, do 08.11.1995 (LPCG)
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia; DOG nº 206, do 23.10.2008
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes do 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- nº 151, do 06.08.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13 de xullo de 2009 (BOP nº 175, do 10.09.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009) (PXOM)
- Código civil; BOE nº 206, 25.07.1889 (CC)
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE nº 167, do 14.07.1998 (LXCA)
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE nº 285, do 27.11.1992
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; BOE nº 80, do 03.03.1985 (LBRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG nº 149, do 05.08.1997 (LALGA)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo do 6 de setembro de 2010 (BOP nº 193, do 06.10.2010)

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A.- MODIFICACIÓN DO PLANEAMENTO XERAL

Segundo dispón o art. 92.1, os plans de ordenación terán vixencia indefinida, sen prexuízo da súa modificación ou revisión; modificación que, en atención ao disposto no art. 94.1 da LOUGA, deberá fundamentarse en todo caso en razóns de interese público debidamente xustificadas.

A razón de interese público que concorre no presente expediente, tal e como se puxo de manifesto no informe-proposta de incoación do mesmo, é a remoción dos atrancos á materialización dos dereitos edificatorios dos propietarios dos

soares regulados polas ordenanzas 3 e 4 do PXOM, que coa súa redacción actual impiden darlle a determinados soares o seu destino consonte a normativa urbanística e o planeamento. Efectivamente, as ordenanzas 3 e 4 do PXOM, buscando a harmonización da ordenación urbanística co dereito de propiedade, terminan limitando os dereitos edificatorios dos propietarios en base ao respecto da servidume legal de luces e vistas contida no Código Civil -cuxa tutela corresponde á orde xurisdiccional civil e non á normativa de ordenación municipal-, o que supón a creación de problemas irresolubles cos mecanismos dispostos polo PXOM, e que con este proxecto de modificación se pretenden solventar.

B.- TRAMITACIÓN

Polo que respecta á súa tramitación, o art. 93.4 da LOUGA preceptúa que a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación:

B.1) Avaliación ambiental estratéxica

O art. 84.3 da LOUGA, integra na fase de elaboración do planeamento a tramitación da AAE, que comezará coa elaboración dun anteproxecto de planeamento como documento de inicio, que será remitido ao órgano ambiental para que no prazo de dous meses se pronuncie sobre a necesariedade ou non de someter o proxecto á AAE; en caso afirmativo, o órgano promotor deberá elaborar un informe de sustentabilidade ambiental (ISA), cuxa amplitude e nivel de detalle -en atención ao disposto no art. 9 da Lei 9/2006- se especificarán no documento de referencia que deberá remitir o órgano ambiental, no que se incluírán ademais os criterios ambientais estratéxicos e indicadores dos obxectivos ambientais e principios de sustentabilidade aplicables, así como, no seu caso, da congruencia cos instrumentos establecidos na LPPG (art. 84.5 '*in fine*' da LOUGA).

Consta no expediente a tramitación da AAE, e a súa terminación por medio de decisión da Secretaría de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI do 10.11.2011, pola que se acorda non someter a Modificación Puntual nº 4 á AAE.

B.2) Informes sectoriais previos á aprobación inicial

Pola súa banda, a normativa sectorial reguladora do dominio público esixe a remisión aos organismos competentes do proxecto de planeamento para a emisión dun informe previo á aprobación inicial no ámbito das súas competencias; así o prevé expresamente a normativa sectorial de costas (art. 117 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; art. 210 do Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de costas), a lexislación sectorial estatal e autonómica de estradas (art. 10.2 da Lei

25/1988, do 29 de xullo, de estradas; art. 15.4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia), a normativa sectorial de ferrocarrís (art. 7.2 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario); a normativa sectorial aeroportuaria (Disposición adicional Segunda do Real decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo); e a normativa sectorial de augas (art. 39.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia), para o caso de que o planeamento conteña determinacións co mesmo obxecto que as dos Plans recollidos na dita Lei.

Pese a que segundo o criterio do técnico de administración xeral que subscribe a modificación puntual nº 4 non ten incidencia no dominio público por solventarse a cuestión dentro dos lindeiros das propias parcelas, segundo se fixo constar no informe-resumo de 01.02.2012 indicado nos antecedentes, solicitáronse os informes sectoriais correspondentes en materia de estradas, costas e infraestruturas ferroviarias ante a proximidade ou mesmo colindancia de determinadas parcelas afectadas pola modificación co dominio público correspondente.

Os informes recibidos foron emitidos en sentido favorable, tendo transcorrido con folgura o prazo dun mes máis dende a data de recepción da solicitude (recibida o 20.02.2012) de que dispón o órgano competente para a emisión do informe relativo ás estradas de titularidade estatal, polo que o mesmo enténdese emitido con sentido favorable segundo o parágrafo segundo do art. 10.2 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas.

Cabe precisar que o informe favorable emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas da CMATI, relativo ás estradas de titularidade autonómica, tivo entrada no rexistro da XMU transcorrido o prazo dun mes dende a data de recepción da solicitude, recibida o 16.02.2012, polo que excede en máis do dobre o prazo de que dispón para a súa emisión, segundo o art. 15.4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia; de conter algunha observación ou suxestión, a mesma podería non ter sido tomada en conta por extemporánea.

B.3) Informe da CMATI previo á aprobación inicial

Terminada a fase de elaboración, de conformidade co disposto no art. 85.1 da LOUGA, os servizos técnicos e xurídicos municipais emitirán informe sobre a legalidade e calidade técnica da ordenación proposta, que será remitido xunto con copia completa do expediente ao Conselleiro da CMATI para que emita informe previo á aprobación inicial no prazo de dous meses.

Neste procedemento, por non se tratar dunha modificación que implique nin a reclasificación do solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona, nin que altere os sistemas xerais previstos no planeamento, en aplicación da excepción recollida no parágrafo segundo do art. 93.4 da LOUGA, non resulta

preciso obter o dito informe da CMATI previo á aprobación inicial.

Polo que respecta ao informe sobre a legalidade e calidade técnica da ordenación proxectada, consta no expediente informe do 25.04.2012 dos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo.

B.4) Aprobación inicial

a) De conformidade co previsto no art. 85.2 da LOUGA, realizados os trámites anteriores o Concello procederá á aprobación inicial da proposta de modificación, e a continuación someterá o expediente simultaneamente ás consultas indicadas no documento de referencia -se o houber-, ao trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos diarios de maior circulación da provincia, e darase audiencia aos concellos limítrofes durante o mesmo prazo; por previsión expresa do artigo indicado, non será necesaria a notificación individual da apertura do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos no ámbito.

Ao mesmo tempo que o trámite de información pública, a administración municipal deberá recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que serán emitidos no prazo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinal outro prazo (art. 85.3 da LOUGA).

b) Segundo dispón o art. 77.2 da LOUGA, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas nos ámbitos obxecto do planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente, preceptuando a obrigatoriedade de que o acordo de aprobación inicial determine expresamente as áreas afectadas pola suspensión a estes efectos.

Tal e como se indica no apartado 9.3.3 da Memoria, o artigo 120 do RPU, aplicable en virtude da Disposición Transitoria sexta da LOUGA en todo o que non se opoña á Lei ou resulte afectado pola mesma, matiza o alcance desta suspensión de licenzas automática, ao preceptuar que a suspensión de licenzas afecta ás áreas do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente, pero que non obstante poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente sempre e cando se respecten as determinacións do novo planeamento; as determinacións das ordenanzas 3 e 4 na súa redacción proposta son menos restritivas para coa materialización dos dereitos edificatorios dos titulares dos soares, razón pola que a excepción contida no art. 120.1 do RPU se elevaría neste suposto á categoría de regra xeral, deixando sen efecto na práctica a previsión suspensiva do art. 77.2 da LOUGA.

Porén, resulta preciso indicar aos efectos do art. 77.2 da LOUGA que a

modificación das ordenanzas 3 e 4 afecta ás parcelas que se rexen polas mesmas, que se atopan dispersas pola cidade sen estar integradas nunha área ou ámbito concreto do planeamento.

c) O art. 77.5 da LOUGA preceptúa que só terán dereito a ser indemnizados polo custe oficial dos proxectos e dos tributos municipais os peticionarios de licenzas solicitadas con anterioridade á publicación da suspensión (neste caso, debe entenderse as solicitadas con anterioridade á publicación do anuncio da aprobación inicial, dado que o efecto suspensivo é automático por ministerio da Lei), cando as mesmas non poidan ser outorgadas por resultar incompatibles coa nova ordenación establecida.

No caso da Modificación Puntual nº 4, tal e como se indicou con anterioridade, a normativa proposta é menos restritiva que a actualmente vixente, o que determinaría que non se darían os presupostos de feito para o nacemento de dereitos indemnizatorios, dado que en todo caso poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente en virtude do parágrafo segundo do art. 120.1 do RPU, que en atención ao obxecto da modificación respectarán tamén as determinacións do novo planeamento.

B.5) Aprobación provisional

O art. 85.7 da LOUGA prevé que cumpridos os trámites precedentes, previo informe do resultado do trámite de información pública e consultas, o Concello en Pleno aprobará provisionalmente o contido da Modificación Puntual nº 4 na redacción que resulte das modificacións que fosen pertinentes, e someterá o expediente completo debidamente dilixenciado ao órgano autonómico competente para outorgar a aprobación definitiva.

C) CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4

O documento para aprobación inicial da Modificación Puntual nº 4 do PXOM, na súa versión V.1 datada a xaneiro de 2012 (documento para aprobación inicial) está sistematizado do seguinte modo:

Documento 1: Memoria informativa e xustificativa

1. Introducción
2. Antecedentes de planeamento
3. Obxectivos xerais e específicos da modificación puntual
4. Xustificación do interese público
5. Alcance e contido da modificación puntual
6. Contido material da modificación
7. Xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas
8. Disponibilidade dos recursos para o abastecemento e xestión do saneamento

9. Estratexia, estudo económico e informe de sostibilidade económica
10. Marco normativo
11. Documentación

Documento 2: Contido da modificación da normativa

1. Título VI. Normas xerais de Edificación. Capítulo 6.2. Condicións das parcelas
2. Título IX. Capítulo 9.3. Ordenanza 3
3. Título IX. Capítulo 9.4. Ordenanza 4

Documento 3: Anexos

1. Anexo 1. Documento de inicio de avaliación ambiental estratéxica
2. Anexo 2. Resolución do 10 de novembro de 20.11.2011 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI, sobre a non necesariedade de avaliación ambiental estratéxica
3. Anexo 3. Copia da normativa urbanística do PXOM. Publicación da normativa urbanística no BOP

III.- COMPETENCIA

É competente para adoptar o acordo de aprobación inicial da Modificación Puntual nº 4 do PXOM o Pleno do Concello de Vigo (art. 123.1.i LBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local (art. 127.1.c LBRL), a proposta do Consello de Xerencia (art. 10.1.b] e j] en relación co art. 3.1 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo).”

Visto o anteriormente exposto, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 11 de maio, ditaminou favorablemente.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 18 de maio, prestou a súa aprobación á devandita proposta.

Con data 23 de maio de 2012, o secretario xeral do Pleno emite o seguinte informe:

“No concepto “tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na

S. Extraord. 04.06.12

lexislación urbanística” deben entenderse incluídos os expedientes relativos as modificacións puntuais dese planeamento xeral, modificacións que deben fundamentarse, art. 94.1 da LOUGA, en razóns de interese público debidamente xustificadas.

No suposto que nos ocupa o interese público reside na remoción das dificultades á materialización dos dereitos edificantes dos propietarios dos soares regulados polas ordenanzas 3 e 4 do PXOM, que na súa redacción actual impiden darlle a determinados soares o seu destino consonte a normativa urbanística e o planeamento, problemática que ven amplamente exposta no punto 5.2 da memoria xustificativa do proxecto de modificación.

Efectivamente, as ordenanzas 3 e 4 do PXOM, buscando a harmonización da ordenación urbanística co dereito de propiedade, terminan limitando os dereitos edificantes dos propietarios en base ao respecto da servidume legal de luces e vistas contida no Código Civil -cuxa tutela corresponde á orde xurisdiccional civil e non á normativa de ordenación municipal-, o que supón a creación de problemas irresolubles cos mecanismos dispostos polo PXOM, problemas que con este proxecto de modificación se pretenden solventar.

O art. 93.4 da LOUGA advirte que as modificacións dos plans xerais suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

Na tramitación do expediente consta o cumprimento exacto das disposicións aplicables non sendo neste suposto preceptivo o informe previo á aprobación inicial que menciona o artigo 85.1 da LOUGA o se tratar dunha modificación (condicións do fondo edificable nas ordenanzas 3 e 4) que non implica nin reclasificación de solo, nin incremento da intensidade de uso, nin alteración dos sistemas xerais previstos no PXOM vixente.

No expediente consta a documentación técnica precisa.

Cumprimentando o sinalado no artigo 127.1.c da LBRL o proxecto de modificación foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en reunión de data 18.05.2012, en data de 11.05.2012 a proposta de acordo que agora se eleva o Pleno foi ditaminada favorablemente polo Consello da Xerencia de Urbanismo.

PROCEDEMENTO:

Trala aprobación inicial que no seu caso acorde o Pleno -co quórum anteriormente indicado- o expediente, art. 85.2 LOUGA, someterase a información pública polo prazo de dous meses mediante anuncios publicados no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia, simultaneamente instarase das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios que haberán de ser emitidos no prazo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinala outro distinto.

Cumpridos os anteriores trámites, previo informe do resultado do trámite de información pública e á vista dos informes sectoriais emitidos, o expediente, coas modificacións que fosen pertinentes, someterase á aprobación provisional do Concello Pleno, de acadarse tal aprobación, o expediente completo debidamente dilixenciado remitirase ao órgano autonómico competente para a aprobación definitiva.

CONCLUSIÓN:

Infórmase favorablemente a tramitación do expediente e a proposta de acordo (aprobación inicial) que consta no mesmo.”

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Modificación puntual nº 4 do PXOM, relativa ao fondo edificable nas ordenanzas 3 e 4, versión v.1, formulada de oficio pola Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e redactada polos servizos técnicos e xurídicos da XMU con data de xaneiro de 2012.

Segundo.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante a inserción de anuncios no DOG e en dous dos xornais de maior difusión da provincia, e dar audiencia simultaneamente polo mesmo prazo aos municipios limítrofes.

Ao mesmo tempo, recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios.

Terceiro.- Aos efectos do art. 77.2 da LOUGA, determinar expresamente que as parcelas afectadas pola modificación proposta son as que se rexen polas

ordenanzas 3 e 4, matizando que consonte á normativa de aplicación en todo caso poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente, que en todo caso respectarán as determinacións do novo planeamento, en atención ao disposto no art. 120.1 do RPU, en relación co art. 77 da LOUGA.

2.- (104).- ESTUDO DE DETALLE PARA FIXACIÓN DE ALIÑACIÓN NO CAMIÑO DE FIGUEIRÓS Nº 9. EXPTE. 12694/411. (REX. 470/1101).

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe proposta emitido con data 8 de maio polo técnico de Planeamento e Xestión, coa conformidade do xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico e máis da xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo:

“1.- D^a Inmaculada Garcés Navarro presentou un escrito datado a 22.01.2010, en representación, segundo manifestaba, de D^a Delfina Vila Correa, para achegar ao expediente 67231/421 (licenza de obras de vivenda unifamiliar), uns planos modificados e un estudo de detalle para a aliñación da parcela.

O dito documento rexistrouse o 14.06.2010 (DOC. 1000829269), dando inicio ao expediente da Oficina de Planeamento 12694/411, para a tramitación do estudo de detalle para a fixación de aliñacións no Camiño. Figueirós, 9 (Beade).

2.- O estudo de detalle componse por unha memoria descritiva, unha memoria urbanística e planos, redactado pola arquitecta D^a Inmaculada Garcés Navarro por encargo de D^a Delfina Vila Correa, con visado dixital do COAG nº VD090099,4 do 21.01.2010.

3.- O 15.06.2010, o adxunto ao director de Xestión e Planeamento emitiu informe polo que conclúe que *“...o estudo de detalle non ten capacidade para establecer o sinalamento de aliñacións, suplindo as deficiencias do planeamento senón para completar o reaxustar as mesmas, tal como establece o artigo 73º da LOUGA”*.

O 22.06.2010, por oficio da Xerente de Urbanismo deuse traslado do citado informe á interesada, conferíndolle un trámite de audiencia polo prazo de 15 días a fin de que presentase os documentos e xustificacións que estimase pertinentes en relación co informado.

O notificación (nº de saída 10058-2010) foi cursada por correo certificado

S. Extraord. 04.06.12

remitido ao domicilio indicado no escrito DOC. 1000829269 como da interesada, sito en rúa García Lorca, 4-1º, e foi recibida o 30.06.2010, segundo consta no aviso de recibo.

4.- O 14.02.2012, o adxunto ao director de Xestión e Planeamento emitiu un informe resumindo as actuacións, cuxo interese para a formación dos presentes antecedentes aconsella a súa reprodución íntegra:

“Con data 17 de xuño de 2009, presentouse solicitude de licenza de edificación para vivenda unifamiliar no Camiño de Figueirós a nome de Dª Delfina Vila Correa, expediente 67231/421.

Con data 1 de decembro de 2009, o aparellador municipal da oficina de licenzas emitiu un informe no que citaba que o proxecto presentado non cumpría as determinacións da ordenanza de aplicación en canto superaba o dereito edificatorio, así como que o camiño a que fai fronte a parcela carecía de aliñacións fixadas no plan xeral, polo que a parcela carecía da condición de soar. O citado informe foi remitido á interesada.

Con data 22 de xaneiro de 2010 a interesada presentou escrito acompañado de nova documentación na que solicitaba que, sendo o camiño de titularidade pública, podería tramitarse un estudo de detalle para fixar aliñacións.

Con data 10 de xuño de 2010, o aparellador municipal da oficina de licenzas ante a documentación presentada ratifícase no seu informe anterior, ao non ser o estudo de detalle o instrumento axeitado para establecer aliñacións.

Con data 11 de xuño de 2010 a interesada presenta un estudo de detalle, expediente 12694/411, co fin de fixar aliñacións ao citado camiño. O estudo de detalle foi informado desfavorablemente pola oficina técnica de Xestión e Planeamento, ao non ser o estudo de detalle o instrumento axeitado para establecer aliñacións.

O citado informe foi remitido á interesada, con data 30 de xuño de 2010, concedéndolle un tramite de audiencia polo prazo de quince días para que, se o estimase oportuno, puidera alegar e presentar os documentos e xustificación pertinentes.

Non consta que a interesada presentara alegacións ao informe.”

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido

S. Extraord. 04.06.12

- da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado* -BOE- nº 154, do 26.06.2008 (TRLS 2008)
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; *Diario Oficial de Galicia* -DOG- nº 252, do 31.12.2002 (LOUGA)
 - Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 221, do 15.09.1978 (RPU)
 - Real decreto 3288/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana; BOE nº 27, do 31.01.1979 (RXU)
 - Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística; BOE nº 175, do 23.07.1997
 - Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes do 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- nº 151, do 06.08.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 13 de xullo de 2009 (BOP nº 175, do 10.09.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009) (PXOM)
 - Código civil; BOE nº 206, 25.07.1889 (CC)
 - Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; BOE nº 167, do 14.07.1998 (LXCA)
 - Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE nº 285, do 27.11.1992
 - Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local; BOE nº 80, do 03.03.1985 (LBRL)
 - Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG nº 149, do 05.08.1997 (LALGA)
 - Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo do 6 de setembro de 2010 (BOP nº 193, do 06.10.2010)

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

2.1. Os estudos de detalle

a) Os estudos de detalle son instrumentos de desenvolvemento do planeamento cun obxecto delimitado con carácter xeral nos arts. 73 da LOUGA e 65 e 66 do RPU, e con carácter particular nos arts. 4.1.3 e 4.1.4 das normas urbanísticas do PXOM (NN.UU.)

b) As finalidades dos estudos de detalle son as seguintes (art. 73.1 LOUGA; art. 4.1.3 NN.UU.):

- completar ou readaptar aliñacións ou rasantes
 - ordenar os volumes edificables
 - concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento
- c) Os estudos de detalle non poderán, en ningún caso (art. 73.2 LOUGA; art. 65 RPU):
- alterar o destino urbanístico do solo
 - incrementar o aproveitamento urbanístico
 - reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas
 - prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolven ou completen
 - aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso
 - parcelar o solo
 - descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan
 - establecer novos usos e ordenanzas

O art. 65 do RPU engade que os estudos de detalle non poden aumentar a densidade de poboación establecida no planeamento, nin poderán producir prexuízos nin alterar as condicións de ordenación dos predios lindeiros, nin conter determinacións propias do plan xeral, normas complementarias e subsidiarias de planeamento e plan parcial que non estiveran previamente establecidas nos mesmos.

d) Tal e como sinala o adxunto ao director de Xestión e Planeamento no seu informe do 11.06.2010, o estudo de detalle non é un instrumento con capacidade para fixar aliñacións, por estar limitada a súa operatividade neste senso a completar ou reaxustar as mesmas, segundo se establece no art. 73.1 LOUGA e no art. 4.1.3 das NN.UU.

No parágrafo segundo do citado informe do adxunto ao director de Xestión e Planeamento, infórmase do tipo de solo de que se trata ao manifestar que *“O tramo do denominado camiño de Figueirós no que se pretende tramitar o estudo de detalle, transcorre por un solo urbano consolidado cualificado coa ordenanza 10-1ª”*.

Entre as limitacións aos estudos de detalle contidas no RPU (aplicable segundo a DT 6ª da LOUGA en tanto non se opoña á mesma), o art. 65.6 do citado regulamento refire a imposibilidade de que os estudos de detalle conteñan determinacións propias do plan xeral, o cal debe ser interpretado neste suposto consonte o disposto no art. 54.f) da LOUGA, que indica entre as determinacións propias do planeamento xeral no solo urbano consolidado o trazado e

características da rede viaria pública, con sinalamento de aliñacións e rasantes. Da lectura conxunta dos citados artigos en relación co 73.2.g) da LOUGA, apréciase na normativa urbanística unha prohibición expresa de que os estudos de detalle fixen aliñacións en solo urbano consolidado; a dita prohibición está implícita tamén nos arts. 73.1 e 4.1.3 das NN.UU. ao relacionar de forma pechada ou '*numerus clausus*' o obxecto dos ditos instrumentos, entre os que non se conta o pretendido pola interesada.

2.2. Obriga de resolver

A pesar do sentido denegatorio do silencio que establece con carácter xeral o art. 90.3 da LOUGA para os plans de iniciativa particular que conteñan determinacións contrarias á Lei e aos plans de superior xerarquía -como é o caso por infracción dos arts. 73.2.g) e 54.f) da LOUGA en relación co art. 65 do RPU, e os arts. 73.1 da LOUGA e 4.1.3 das NN.UU do PXOM-, o art. 42.1 da Lei 30/1992 dispón que a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a forma da solicitude.

3.- COMPETENCIA

É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá o Pleno do Concello de Vigo (art. 123.1.i da LBRL), a proposta do Consello de Xerencia da XMU (arts. 10.1.d] e j] dos Estatutos da XMU)."

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 18 de maio, ditamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- De conformidade co informe técnico obrante ao expediente, desestimar a solicitude de aprobación do estudo de detalle para fixación de aliñacións no camiño de Figueiros, 9, formulada por D.^ª Delfina Vila Correo, por non ser o citado instrumento urbanístico o axeitado para o establecemento de aliñacións e por resultar o seu contido contrario á LOUGA e ao PXOM.

Segundo.- Notificar o contido do presente acordo á interesada, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

3.- (105).- NOMEAMENTO DO ALCALDE, D. ABEL R. CABALLERO ÁLVAREZ, COMO REPRESENTANTE DO CONCELLO DE VIGO NA FUNDACIÓN PENZOL.

ANTECEDENTES.- O xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, coa conformidade da concelleira delegada, con data 31 de maio de 2012, informa do que segue:

“Segundo consta en certificación remitida polo secretario do Padroado da Fundación Penzol, este órgano de goberno, en reunión de data 7 de xuño de 2007, acordou nomear ao Excmo. Concello de Vigo membro dese Padroado.

Para o próximo día 8 de xuño convocouse unha reunión do Padroado polo que procede designar á persoa que represente ao Concello no órgano citado.

O artigo 124.1 da Lei de Bases de Réxime Local sinala que o Alcalde ostenta a máxima representación do municipio, en similar senso o artigo 124.4. a) da mesma norma indica, "En particular, corresponde ao Alcalde as seguintes funcións: representar ao Concello"

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se

S. Extraord. 04.06.12

contén na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Designar ao Alcalde como representante do Concello de Vigo no Padroado da Fundación Penzol.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao secretario do Padroado.

4.- (106).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. PARA O EXERCICIO 2012. EXPTE. 101937/140 (447/1101)

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe proposta presentado con data 22 de maio de 2012 pola concelleira delegada de Economía e Facenda:

“O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria realizada o 30 de marzo de 2012, aprobou inicialmente o orzamento xeral da entidade local e os dos seus organismos autónomos administrativos dependentes, para o ano 2012.

En cumprimento do previsto nos arts. 169 e 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 71 do día 12 de abril, comezando a súa exposición o día 13 e rematando o prazo da mesma o 30 de abril.

No citado período, e consonte a certificación que se achega de data 11 de maio, emitido pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados cinco alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do orzamento xeral para o ano 2012, e que están todas e cada unha delas resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou desestimación das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan, dando así cumprimento ao previsto no

S. Extraord. 04.06.12

art. 54 da Lei 30/1992. Todas as alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, mesmo naqueles casos en que a reclamación non está nalgún dos supostos previstos no TRLRFL como causas obxectivas para presentar alegacións ou reclamacións ao orzamento.

Referénciase en cada un dos apartados que conforman esta proposta para o Pleno o número de Rexistro Xeral que ten cada unha das alegacións, aínda que as mesmas forman parte do expediente, e ademais a contestación que en cada caso motiva a estimación ou desestimación, vai unida á propia alegación que leva incorporado o número de Rexistro. Faise a identificación e analízase a lexitimación en cada caso de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada.”

En consecuencia co anterior e vistos os informes emitidos que se relacionan a continuación, a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Informe emitido con data 2 de maio polo interventor xeral, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda:

“...Con data de rexistro do 27/04/2012, nº de rexistro 120050740, D. Rubén Pérez Correa, con DNI, nº 36.136.982A, en calidade de Coordinador Local de Esquerda Unida de Vigo, presenta unha alegación a un conxunto de programas orzamentarios que supón alterar as contías de 46 aplicacións orzamentarias e a creación de 4 aplicacións novas.

En relación coa alegación presentada, compre informar o seguinte:

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regula o réxime de reclamacións ao proxecto de orzamentos das entidades locais.

O apartado primeiro do devandito precepto, fai referencia á lexitimación activa para a presentación de reclamacións en vía administrativa, estando prevista tres categorías de interesados: a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local. b) Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade local. c) Faise referencia a distintas entidades (colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións) que dende a súa condición, poden defender intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

O reclamante, ten lexitimación activa, xa que é cidadán no territorio, aínda que

non acredita a súa condición de coordinador local de Esquerda Unida de Vigo, polo tanto, ten a súa lexitimación amparada no apartado a), pero non no apartado c) do artigo 170 do TRLRFL.

O apartado segundo do artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o seu concordante, apartado dous do artigo 22 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, taxa os motivos nos que procede a presentación das reclamacións en vía administrativa contra o orzamento.

No seu apartado a), por non se ter axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No apartado b), a Lei impón ás Entidades locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas esixibles en virtude de precepto legal ou de calquera outro tipo.

O apartado c), constitúeo a insuficiencia dos ingresos en relación aos gastos presupostados e destes respecto das necesidades para as que estean previstas, é dicir, as derivadas do exercicio das competencias municipais.

Neste último suposto, a reclamación de tales insuficiencias teñen que estar acreditadas, pois noutro caso suporía limitar arbitrariamente as facultades de decisión no ámbito económico-financeiro que comporta o exercicio da autonomía local.

Por outra banda, tamén na avaliación desta insuficiencia habería que distinguir entre os gastos de funcionamento dos servizos de carácter obrigatorio que serían os servizos mínimos municipais que regula o artigo 26 da Lei de Bases do Réxime Local, e os de carácter potestativo que regula o marco de competencias previsto no artigo 25 da Lei 7/1985.

A alegación presentada, non cumpre con ningún dos requisitos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL, polo tanto, por esta causa xa habería que rexeitala. Ademais, contén unha serie de erros e incumprimentos que non fan posible tela en consideración, a saber:

- a) E unha alegación que propón baixas de créditos previstos en aplicacións orzamentarias que xa están comprometidos en virtude de contratos formalizados, o que suporía a resolución e liquidación dos contratos e a súa indemnización ao contratista. Os créditos que propón a súa baixa e que xa están comprometidos en contratos formalizados totalizan 7.449.170,59 euros, o que suporía máis de 500.000 euros de indemnizacións aos contratistas.
- b) Proponse en outras aplicacións distintas das xa comentadas, baixas por

unha contía superior cas dispoñibilidades, xa que a esta data, as aplicacións teñen unha execución no orzamento prorrogado máis elevada que o crédito que se formula que quede dispoñible.

- c) Propóñense baixas en créditos de persoal eventual por unha contía que, como sucede no apartado b), teñen a esta data unha execución superior, polo que non sería posible dar de baixa créditos xa executados.
- d) A alegación non está equilibrada, formula baixas por unha contía de 9.671.376,03 euros e incrementos ou novas dotacións por 1.380.532,00 euros.

En consecuencia co anterior, por non suxeitarse a alegación aos requisitos regulamentados no apartado 2 do artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, nin ser executable de acordo aos apartados b) e c), así como por non estar equilibrada a mesma, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa, o seu rexeitamento.

Informe emitido polo xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 7 de maio de 2012:

“En relación co asunto de referencia e visto o informe emitido o 2 de maio de 2012 polo técnico de administración xeral do departamento de Planeamento e Xestión, infórmase:

1º.- Que debe estimarse a reclamación presentada por D^a Eugenia Curbera Calderón e outros, toda vez que está pendente de aboamento a diferenza entre o importe do prezo xusto fixado polo Xurado de Expropiación de Galicia (84.025,68 euros) e o importe aboado o 4 de maio de 2004 (18.273,69 euros) e o 29 de xaneiro de 2010 (36.102,52 euros), é dicir 29.649,47 euros.

2.- Que non procede o pagamento diferenciado do premio de afección (3.138,55 euros de principal e 1.647,05 euros de xuros), toda vez que dito concepto xa está incluído expresamente no prezo xusto fixado polo Xurado de Expropiación de Galicia.

3.- Deberase aboar, así mesmo, o importe dos seguintes intereses:

TERCEIRO.- A) INTERESES INDEMNIZATORIOS DO ARTIGO 56 DA LEI DE EXPROPIACIÓN FORZOSA.

De acordo co artigo 52.8ª da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954, en relación coas expropiacións declaradas urxentes, como é o caso que nos ocupa, establécese que *“sobre o xustiprezo acordado definitivamente para os bens obxecto deste artigo, xirarase a indemnización establecida no artigo 56 desta Lei, coa especialidade de que será data inicial para o cómputo*

correspondente a seguinte a aquela na que se producise a ocupación de que se trata”.

Por tanto, os intereses calcularanse desde a data de ocupación (27 de outubro de 2002) e sobre o importe fixado como prezo xusto definitivo (84.025,68 euros) pero detraendo por períodos os importes xa pagados. Desta forma os intereses calcúlanse en tres períodos:

1º) Período do 27 de outubro de 2002 (data da acta de ocupación) a 4 de maio de 2004 (data do primeiro pagamento).- Os intereses calcúlanse sobre 79.723,39 euros, correspondentes aos 84.025,68 euros do prezo xusto menos 4.302,29 euros do depósito previo que foi ofrecido coa acta previa de ocupación e ante a non comparecencia dos expropiados consignado ante a Caixa Xeral de Depósitos. Consecuentemente os intereses a aboar serán os seguintes:

Ano	Base	Intereses	Días devengados	Euros
2002	79.723,39	0,0425	63	584,82
2003	79.723,39	0,0425	365	3.388,24
2004	79.723,39	0,0375	125	1.021,05
subtotal 1 =				4.994,11

2º) Período entre o 4 de maio de 2004 (data do primeiro pago) a 29 de xaneiro de 2010 (data do segundo pago).- Os intereses calcúlanse sobre 65.751,99 euros, correspondentes aos 84.025,68 euros do prezo xusto menos 18.273,69 euros pagados o 4 de maio de 2004. Por tanto, os intereses a aboar serán os seguintes:

Ano	Base	Intereses	Días devengados	Euros
2004	65.751,99	0,0375	241	1.623,59
2005	65.751,99	0,0400	365	2.630,08
2006	65.751,99	0,0400	365	2.630,08
2007	65.751,99	0,0500	365	3.287,60
2008	65.751,99	0,0550	366	3.616,36
2009	65.751,99	0,0550	90	891,71
2009	65.751,99	0,0400	275	1.981,57
2010	65.751,99	0,0400	29	208,97
subtotal 2 =				16.869,94

3º) Período entre o 29 de xaneiro de 2010 (data do segundo pago) a 17 de novembro de 2011 (data na que se fixa definitivamente o prezo xusto).- Os intereses calcúlanse sobre 29.649,47 euros, correspondentes ós 84.025,68 euros do prezo xusto menos os 18.273,69 euros pagados o 4 de maio de 2004 e os 36.102,52 euros pagados o 29 de xaneiro de 2010. Desta forma, os intereses a

aboar serán os seguintes:

Ano	Base	Intereses	Días devengados	Euros
2010	29.649,47	0,0400	346	1.124,24
2011	29.649,47	0,0400	321	1.043,01
subtotal 3 =				2.167,25

Por tanto, a suma dos intereses indemnizatorios ascende a 24.031,30 euros.

TERCEIRO.- B) INTERESES MORATORIOS DO ARTIGO 57 DA LEI DE EXPROPIACIÓN FORZOSA.

Conforme ó artigo 57 da Lei de Expropiación Forzosa “a cantidade que se fixe definitivamente como prezo xusto devengará o interese legal correspondente a favor do expropiado ata que se proceda ó seu pagamento e dende o momento no que tiveran transcorridos os seis meses a que se refire o artigo 48. Por tanto, previndo o pagamento con data 30 de xuño de 2012, os intereses moratorios calcularanse desde o 27 de maio de 2012 ata esa data, da seguinte forma, **resultando 142,97 euros** (ata 30 de xuño de 2012):

Ano	Base	Intereses	Días devengados	Euros
2012	29.649,47	0,0400	44	142,97

CONCLUSIÓN:

O importe a aboar, a data 30 de xuño de 2012, é de 53.823,75 euros, co seguinte desglose:

PRINCIPAL =	29.649,47 €
INTERESES 56 LEF =	24.031,31€
INTERESES 57 LEF =	142,97 €
Total =	53.823,75 €

Para afrontar o citado gasto a favor dos reclamantes, existe crédito adecuado e suficiente na partida 1510.6000000 “Expropiacións” do orzamento do organismo autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”, incluído no orzamento xeral do Concello de Vigo para 2012, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o 30 de marzo de 2012.”

Informe de data 21 de maio, expedido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior:

S. Extraord. 04.06.12

“Tendo sido publicado no BOP nº 71, do xoves 12 de abril de 2012, o anuncio de aprobación inicial dos orzamentos municipais para o exercicio económico 2012, e unha vez rematado o prazo de 15 días hábiles que para a presentación de alegacións que establece o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; polo presente sinálase que os supostos nos que cabe formalizar reclamación administrativa aos proxectos de orzamentos municipais veñen legalmente taxados e consignados no artigo 170.2 da referida norma, concretándose nos seguintes:

- a) Por non se ter axustado a elaboración e aprobación do orzamento aos trámites establecidos na propia Lei de Facendas Locais.
- b) Por omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentarios ou ben destes verbo das necesidades para as que estea previsto.

Asemade, debe facerse constar que en canto á lexitimación para a presentación de alegacións, terán a consideración de interesados unicamente os habitantes no territorio da respectiva entidade local; os que resulten directamente afectados, a pesares de non habitar no territorio da dita entidade local, e os colexios oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios (parágrafo 1 do artigo 170).

Consultado o sistema informático de xestión de expedientes, constan presentadas no período de exposición pública –comprendido entre o 13.04.2012 e o 30.04.2012- as seguintes alegacións ao Capítulo I de gastos do documento orzamentario:

- JOSÉ RAMÓN ALONSO GONZÁLEZ E OUTROS (DOC. Nº 120040833)
- RAMÓN FERNÁNDEZ-LINARES BOUZA (DOC. Nº 120050773)
- XOSÉ VICENTE COMESAÑA TRIGO (DOC. Nº 120051067)
- DÁMASO PENA GONZÁLEZ (DOC. Nº120051402).

Como xa vén sendo unha tradición case consolidada no Concello de Vigo, a totalidade das alegacións presentadas (4) durante o trámite de exposición pública responden a solicitudes de incrementos salariais –tanto individualizados como concretados en relación a colectivos determinados– por parte dos propios empregados/as públicos municipais, así como a cuestións referidas á organización municipal e estrutura dos servizos ou unidades administrativas, con respecto ás cales se lembra –como reiteradamente se fai pola subscribinte tanto nos informes ao Capítulo I do Proxecto de orzamentos municipais e aos informes de aprobación da Relación de postos de traballo- que, consonte á lexislación

actualmente vixente en materia de réxime local -constituída principalmente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios sometidos ao réxime xurídico de gran poboación, o Pleno do Concello unicamente ostenta competencias en materia de persoal en canto a:

- Aprobación e modificación dos regulamentos municipais (artigo 123.1.d), entre os cales incluíríanse os instrumentos reguladores das condicións sociais, económicas e laborais do persoal funcionario e do persoal laboral ao servizo do Concello, respectivamente.
- Aprobación da plantilla de persoal vinculada á dos orzamentos municipais (artigo 123.1.h)

En consecuencia, a totalidade das pretensións de natureza retributiva ou económica constitúen obxecto principal do instrumento regulamentario denominado Relación de postos de traballo ou RPT, cuxa aprobación compete á Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e non ao Pleno do Concello, como si sucede nos municipios suxeitos ao réxime común e sucedía neste Concello con anterioridade á entrada en vigor do réxime de municipios de grande poboación anteriormente referenciado.

Igualmente, na liña dos informes ás alegacións ao Capítulo I emitidos por esta xefatura de servizo nos anos 2008, 2009, 2010 e 2011, cómpre sinalar que os orzamentos municipais non deben constituír mecanismo articulador de adecuacións retributivas individualizadas, senón que estas -de se estimar oportunas e procedentes polos correspondentes órganos xestores- deberían ser realizadas sempre para colectivos determinados e xustificadas no marco dun tratamento integral para cada posto de traballo en función de diversos factores (especial responsabilidade, preparación técnica, académica ou profesional requirida para o desempeño do mesmo, riscos asociados ao posto) e mediante a realización das oportunas adecuacións retributivas debidamente xustificadas, nos termos da actualización e/ou revisión das correspondentes guías de funcións dos postos de traballo, pero sempre sen prescindir da realización dunha medición, efectuada de maneira obxectiva, e que non responda a intereses subxectivos, que non casan cos contidos dos postos de traballo, senón coa boa actitude ou disposición do traballador/a, que non se discute, pero para retribuír a cal se lembra que está legalmente contemplado o complemento de produtividade, que se poderá aboar cando o empregado/a público mostre especial rendemento, adicación ou interese no desenvolvemento das súas funcións, e non a través de incrementos de retribucións complementarias fixas e periódicas, que responden ás características dos postos de traballo e non das persoas a eles adscritas.

Lémbrese que por razóns do servizo todos os empregados/as públicos poden ser

obxecto de traslado ou de cambio de adscrición a outros servizos ou unidades administrativas (artigo 81.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou incluso obxecto de plans de emprego ou de reasignacións ou redistribucións de efectivos, coa finalidade de mellorar a eficacia e eficiencia na prestación do servizo público.

A determinación e aprobación das retribucións dos empregados/as públicos consonte á legalidade vixente, a fixación de complementos específicos e complementos de destino (conceptos retributivos vixentes segundo o disposto na Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do EBEP xa citado) xunto coa aprobación da relación de postos de traballo, así como a xestión do persoal municipal e a aprobación do gasto en materias da súa competencia, corresponden igualmente á Xunta de Goberno Local, razón pola que as reclamacións dirixidas contra as ditas materias deberán promoverse, de ser o caso, contra o eventual acordo que o dito órgano municipal adopte no seu día -en exercicio da potestade de auto-organización da que gozan as Entidades Locais- unha vez aprobados os orzamentos correspondentes, mediante os recursos administrativos ou xurisdicionais que as leis outorgan ao respecto.

En calquera caso, déixase constancia expresa de que no documento inicialmente aprobado existe unha aplicación orzamentaria específica denominada “fondo de adecuación retributiva de postos de traballo”, dotada con un importe de 40.000 euros, efectuándose unha remisión ao réxime de atribucións dos órganos municipais en canto á xestión do persoal contida en anteriores parágrafos; e debendo respectar as excepciónais limitacións legalmente establecidas polo lexislador estatal -no marco do contexto económico de austeridade e contención de gasto no sector público- en relación ao incremento das retribucións dos efectivos ao servizo do sector público, así como aos requisitos de excepcionalidade, singularidade e motivación dos axustes retributivos dos postos de traballo (vid. Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a redución do déficit público, e a súa incidencia na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011, prorrogada *ipso iure* para o presente exercicio 2012).

Adicionalmente, con respecto ás alegacións presentadas debe significarse que o exercicio da antedita potestade de auto-organización en canto á estrutura e dotación en número de efectivos, características dos postos de traballo e conseguintes prazas asociadas a dotar no cadro de persoal orzamentario, que o mesmo deberá, en calquera caso, ter carácter obxectivo e suficientemente motivado, en atención ás necesidades do servizo, sendo as xefaturas dos servizos as competentes para a detección de necesidades, proposta de configuración dos postos de traballo e de reasignación dos efectivos existentes nas unidades ao seu cargo, nos termos das guías de funcións inherentes ás xefaturas dos servizos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, non existindo norma xurídica de índole ningunha que atribúa aos órganos de representación

sindical do persoal municipal lexitimación ou capacidade de imposición da ordenación das organizacións, unidades ou servizos administrativos.

A admisión do contrario podería implicar a vulneración dos principios constitucionais contidos no artigo 103.3 da vixente Constitución de 1978, así como dos fundamentais principios de legalidade e interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos contemplados no artigo 9.3 da mesma norma, sen prexuízo das obvias distorsións organizativas e funcionais susceptibles de xerarse nas diferentes unidades da administración municipal, ao dotalas de efectivos que non responden ás necesidades motivadas e fundamentadas na prestación do servizo público, ou ben a pretensións de amortizacións de prazas en unidades destinadas á prestación de servizos esenciais e exercicio de competencias mínimas obrigatorias dos concellos ex artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

En consecuencia, e pola motivación exposta, procede a desestimación das alegacións presentadas en materia de gastos de persoal ao proxecto de orzamentos municipais para o exercicio económico 2012.”

Por todo o anteriormente exposto, con data 23 de maio de 2012, a concelleira delegada de Economía e Facenda remite á Secretaría Xeral do Pleno o expediente completo do orzamento municipal do Concello e dos seus organismos autónomos Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias VigoZoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado pola seguinte documentación, debidamente dilixenciada por esta Secretaría Xeral:

- Dous libros referidos o orzamento da entidade local, un referido o orzamento da entidade e outro os estados consolidados
- Memoria
- Bases de execución
- Informe económico de gastos
- Informe económico de ingresos
- Resumo da liquidación do ano 2011
- Plantilla, cadro de persoal e informe sobre a plantilla e instrucións para formación da mesma.
- Estado da débeda e escenario para os tres anos 2012-2014, principal, xuros, anualidade teórica de amortización e carga financeira.
- Relación de operacións de gasto de capital non financeiro e financiamento asociado.
- Expediente administrativo conformado polas propostas e oficios de carácter interno:
Ditame da comisión informativa, certificación do acordo plenario de data 30 de marzo. Copia do BOP da exposición pública. Certificado das reclamacións presentadas. Informe de resolución das mesmas. Proposta de resolución das

reclamacións. Proposta ao Pleno da Corporación para aprobación definitiva dos orzamentos do ano 2012. Informe do Sr. Interventor Xeral á proposta de resolución das reclamacións e á proposta de aprobación definitiva.

- Expediente contendo as reclamacións presentadas.

O orzamento dos organismos autónomos está conformado por un libro cada un e os seus respectivos acordos das Xuntas Reitoras.

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión que tivo lugar o 28 de maio de 2012, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Se lles parece ben aos voceiros, faremos unha quenda inicial de quince minutos e unha réplica de cinco minutos por parte da concelleira.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hai unhas semanas viñamos este Pleno para a aprobación provisional dos orzamentos para o ano 2012. Daquela xa apuntabamos inicialmente dous datos fundamentais: que eramos a primeira cidade que aprobaría uns orzamentos adaptados ao RD do 31 de decembro do goberno do Partido Popular do Sr. Rajoy, e apuntabamos tamén o dato de que en cinco anos por parte deste Concello de Vigo elaboráronse e aprobáronse cinco orzamentos o que tamén constituíra un fito histórico nesta cidade, porque ata o de agora ningún goberno foi capaz de aprobar de xeito consecutivo os orzamentos.

Pero ademais apuntabamos que eran os mellores orzamentos para un momento como o actual porque cumprían tres condicións esenciais para un momento de crise económica como a actual. Esas tres condicións básicas eran: austeridade, reforzo da política social e incremento das políticas xeradoras de emprego. Eses eran os tres piares básicos que serviron de obxectivo para elaborar estes orzamentos.

Son estes uns orzamentos orientados a políticas de emprego, aplican os principios básicos da teoría keynesiana que se empregou no ano 29 para saír da crise económica, principios que foron a clave do éxito da saída da crise. Polo tanto estes son uns orzamentos keynesianos que consideran o emprego como

motor fundamental da economía a través tanto do investimento como das políticas activas xeradoras de emprego.

Son estes uns orzamentos austeros que reducen os gastos correntes non directamente sociais, o número de dedicacións exclusivas e o número de asesores.

Son uns orzamentos solidarios porque o gasto social se incrementa nun 10,7%, pero ademais as políticas activas xeradoras de emprego increméntanse ata un total de cinco millóns de euros en políticas directas.

Os orzamentos nacen coa ambición de combater a crise económica da nosa cidade e atender ás necesidades de todos os cidadáns. Manteñen a actividade económica compensando o menor investimento privado consecuencia da situación de crise, pero tamén o menor gasto social e produtivo que fan outras administracións. Son polo tanto orzamentos orientados a combater a crise económica e os seus efectos na cidade de Vigo.

O orzamento total sitúase en máis de 220 millóns de euros e considera como punto de partida unha moderación total e absoluta no que se refire aos ingresos municipais, reducindo así a carga financeira e a fiscal dos cidadáns vigueses porque recolle a conxelación real de taxas e impostos municipais, así como as reducións que se fixeron no ano 2010.

Recolle tamén bonificacións fiscais tales como a redución das tarifas de asistencia domiciliaria, a redución real das taxas das escolas infantís cando estamos a ver que outros organismos as incrementan, inclúe bonificacións como a redución do 3% no recibo do IBI, a bonificación do 75% para os vehículos ecolóxicos, a exención e diminución nas taxas que se pagan pola axuda no fogar, a exención e diminución da taxa do lixo para os colectivos maiores de 65 anos con baixa renda, familias monoparentais ou vítimas de violencia de xénero; inclúe tamén a taxa cero para as terrazas, dinamizando así un sector económico fundamental para a nosa cidade como é a hostalaría.

En resume, un sector económico e máis de 10.000 familias viguesas que se verán beneficiadas con estas bonificacións ou exencións nas taxas municipais grazas a estes orzamentos.

Para elaborar estes orzamentos de 220 millóns, tivemos en conta o RD do 31 de decembro, aprobado polo Sr. Rajoy. Os seus aspectos máis salientables son unha redución de gastos correntes en tres millóns e medio de euros, un aumento nas transferencias correntes, é dicir, nas subvencións a distintos colectivos nun 6,73% e uns investimentos por máis de dezaseis millóns de euros. Polo tanto 220 millóns de euros orientados á creación de emprego na cidade.

Cando vamos por sectores hai que salientar que a débeda pública unha vez máis se reduce. No ano 2012, con respecto ao ano 2011, redúcese nun 14,19%, é dicir, en máis de dous millóns de euros. As partidas destinadas a melloras de vías públicas sitúanse en quince millóns e medio de euros; as destinadas a acción social e benestar social aumentan un 11,7%, acadando os 10,7 millóns de euros, o maior volume contemplado nun orzamento nesta cidade para acción social. Para o emprego destínanse 5,7 millóns de euros, aumentando así un 100,17%. Pero tamén se demostra neste orzamento unha clara aposta polo deporte cun aumento do 10,82%, polo comercio cun aumento dun 100,55%, ou polo transporte público que aumenta un 9,18% e supón unha inxección para o transporte público de 10,7 millóns de euros.

Por comparar estas cifras cos orzamentos dos gobernos anteriores, dicir que en vías públicas o orzamento do ano 2005 contemplaba a metade: 6,8 millóns de euros; que en acción social este mesmo orzamento contemplaba menos da metade: 4,3 millóns de euros; que para emprego no 2005 o proxecto era de 2,4 millóns de euros e para o transporte contemplábanse 5,6 millóns de euros. É dicir que en comparación co ano 2005 as partidas fundamentais que nós contemplamos agora dóbranse.

Ademais contemplamos toda unha serie de dedicacións, de proxectos e apostas por fundacións, por colectivos, por entidades, como as transferencias á Entidade Local Menor de Bembrive, o bono-bus, a tarxeta verde, as lanzadeiras ao CUVI, o convenio coas federacións de pais e nais, as bolsas de inglés, as axudas de comedor, as subvencións ás asociacións veciñais, culturais e deportivas, o benestar social, as achegas aos clubs, achegas a fundacións culturais como é o MARCO onde estamos a ver que outras entidades se retiran, as axudas ao

terceiro mundo, axudas humanitarias ou tamén o convenio coa UNED.

No que atinxe aos investimentos, de novo unha clara aposta por mellorar a nosa cidade, as nosas rúas, pero máis, porque contemplamos melloras en Bouzas, na rúa Nicaragua, Brasil, Aragón, Pintor Colmeiro, Martínez Garrido, Ramón Nieto, Doutor Marañón, Menéndez Pelaio. Tamén, como non, melloras nos nosos xardíns, nos nosos parques, nas instalacións deportivas, na Praza da Miñoca, nas distintas zonas verdes, O Castro, novos parques infantís e biosaudables, o Parque de Castrelos, A Guía, Rivera Atienza e a construción de dúas novas escolas infantís como a de Lavadores e a de Navia. E unha vez máis o deporte coa pista de atletismo de Castrelos, o polideportivo de Candeán ou o de Navia.

Como dicíamos son uns orzamentos austeros e envorcados no emprego pero tamén na política social que é o que precisa a cidade, con humanizacións, con máis parques infantís, con máis parques biosaudables, con melloras en distintas zonas da cidade como é a pista de atletismo de Castrelos, pero tamén en mercados como o do Progreso, con subvencións a distintas asociacións veciñais e culturais, con políticas de benestar que contemplan axudas de libros e de comedor por 850.000 euros, con axudas á prestación de servizo domiciliario de 2,9 millóns de euros, co banco de alimentos, convenio "Vida Digna", programas de melloras no fogar, Plan municipal de igualdade de oportunidades, convenio de infancia, Plan de minorías técnicas... E así ata acadar os 10,7 millóns de euros.

Contémplanse políticas directas, activas de creación de emprego por 5,7 millóns de euros con iniciativas, como distintos convenios para o establecemento de plans de emprego por máis de tres millóns de euros; programas de axudas para inserción laboral por 100.000 euros; contratacións a través de programas do Concello como o UTIL por 1,5 millóns de euros; a construción da escola infantil Mestres Goldar, tamén a través dun programa de emprego con 150.000 euros. En definitiva, 220 millóns de euros orientados á creación de emprego.

Hai unhas semanas dicíamos que estes eran os mellores orzamentos para a cidade e iso demostra o feito de que no período de alegacións só se recibiron seis. Delas cinco desestímase porque non cumpren os requisitos legais dunha alegación e unicamente estímase unha que unha vez máis é unha sentenza

urbanística que provén do ano 2004, por un alleamento do ano 2002 e que se pagou no ano 2004 por un prezo inferior ao que lle correspondía. Polo tanto estamos unha vez máis diante dunha sentenza urbanística polo mal facer urbanístico de gobernos anteriores. Esta sentenza é de 67.000 euros.

Como resultado temos un orzamento de 220 millóns de euros orientado á cidade, 220 millóns de euros destinados a gasto social e a políticas de emprego; orzamentos xeradores de emprego. En definitiva: promesas cumpridas para a cidade.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Os datos dos orzamentos acábaos de debullar a concelleira de Facenda. A min gustaríame falar de algo que para o Bloque Nacionalista Galego é aínda máis importante que os propios números: de lexitimidade democrática e de política, porque este é un órgano de representación política.

A aprobación definitiva non é máis ca un proceso no que unha corporación municipal e un goberno local dá traslado á cidadanía en xeral do coñecemento do documento político máis importante que son os orzamentos municipais. É un espazo que vai dende a aprobación inicial ata a definitiva, onde os colectivos da nosa cidade, as distintas asociacións que non teñen representación no Pleno poden presentar a eses orzamentos as súas alegacións. É dicir, é un período que ben entendido democraticamente contribúe á participación real da cidadanía nos procesos políticos, neste caso nos orzamentos.

Polo que nos acaba de dicir a Sra. Díaz, dende a aprobación provisional ata hoxe mesmo o orzamento non cambiou e por iso a argumentación política á hora de aprobar inicialmente uns orzamentos non debe variar moito e polo tanto o noso discurso tampouco vai variar moito do que dixemos no Pleno da aprobación inicial porque o orzamento é o mesmo. Sobre todo se o que realmente queremos nesta Corporación é falar dos orzamentos e non de políticas partidistas ou falar dende uns postulados prefixados con anterioridade co único obxectivo de danar como sexa ao rival político. Nós non imos entrar niso.

As razóns e as argumentacións que demos no anterior Pleno da aprobación

provisional non van variar dos dous claros obxectivos que o BNG tiña postos xa hai moito tempo enriba da mesa para aprobar uns orzamentos: uns orzamentos que cren emprego e que configuren unha gran protección social e unha atención aos menos favorecidos. Non cambia esta argumentación porque non cambiaron os orzamentos.

Pero algo si cambiou nese mes e pico de proceso que para nós é moi importante. Cambiouse algo fundamental dende a aprobación inicial ata o día de hoxe que chegamos a votar os orzamentos definitivamente. Cambiou a lexitimación que para nós, como forza política democrática que somos, é moi importante.

Hoxe o Sr. Alonso, a Sra. Veloso e máis eu estamos máis lexitimados ca hai mes e medio para votar a favor destes orzamentos. Sentímonos máis lexitimados porque durante este mes e medio o BNG aproveitou o tempo. O BNG non se podía quedar sinxelamente apoiando uns orzamentos e non explicar á cidadanía e aos colectivos, como non fixeron outras forzas políticas, por que apoiamos eses orzamentos e cales eran os núcleos fundamentais.

Durante este mes e medio os concelleiros e a concelleira do Bloque Nacionalista Galego reunímonos cos tres sindicatos máis representativos desta cidade, con todas as asociacións veciñais, con todas as comunidades de montes, coas entidades sociais de atención a persoas con discapacidade, de atención a maiores, aos comedores sociais; reunímonos con todas estas asociacións. Durante mes e medio estivemos preguntándolles aos cidadáns e aos colectivos se verdadeiramente estabamos acertados ou errábamos ao apoiar estes orzamentos.

A resposta foi unánime porque ata a institución con máis valor innovador e de modernidade como é a Universidade, tamén contestou. A resposta de todos os colectivos foi unánime: estes son os orzamentos que temos que poñer enriba da mesa nesta cidade neste momento determinado.

Non houbo nin unha soa contestación social a estes orzamentos. Eu non escoitei de ningún grupo de colectivos unha manifestación en contra destes orzamentos.

Para nós isto é máis importante que calquera outra cousa: a lexitimidade que hoxe os señores Alonso e Domínguez e a Sra. Veloso imos ter para votar uns

orzamentos.

A outra forza política que con nós forma parte da oposición nin sequera dixo algo nestes orzamentos no órgano representativo máis importante que ten esta cidade como é o Consello Social da Cidade. Na reunión do Consello non houbo nin un só colectivo que dixera que estes non eran os orzamentos que se precisaban, nin sequera o Partido Popular.

Hai diferencias entre asumir a lexitimidade democrática e non a asumir porque hai outras administracións que aproban orzamentos e ven como nas rúas milleiros de persoas protestan en contra dos recortes, en contra duns orzamentos que non serven, e esas administracións si que teñen a competencia para xerar emprego. Onte mesmo mirámolo nas rúas de Santiago.

A diferenza entre unha forma de actuar politicamente e outra é que o goberno Popular, tanto na Xunta como no goberno central, está tendo contestación social un e outro día e non mudan absolutamente nada os seus criterios de gobernar.

Nós entendemos a política dende a lexitimidade democrática que nos dan os votos e por iso o BNG ten tres concelleiros, pero tamén dende a lexitimidade social que se nos dá cando deixamos que a cidadanía participe, como fixo o BNG neste mes e medio, e acatamos a participación diaria e o que nos di a cidadanía.

Todos sabemos que o paro é o principal problema que hoxe ten a nosa cidade, o paro e aquelas familias que hoxe o están a pasar moi mal e que non teñen nin o esencial para poder vivir. Estes orzamentos non van eliminar este problema. Sabíámolo cando dende o BNG puxemos a condición de que houbera un verdadeiro Plan municipal de emprego. Pero iso si, cando estamos nunha situación como a actual, basta xa de dar prioridade a políticas doutro tipo. O BNG tiña claro que había que dar prioridade ás políticas que atendan aos cidadáns e por iso estes colectivos nos dixeron que acertamos ao presentar as nosas condicións. Porque tamén se decatán os cidadáns de que se os orzamentos quedasen tal e como o goberno local nolos presentou nun principio, non darían resposta a esas necesidades.

Moito se ten falado de emprego nesta Corporación pero por desgracia a maioría das veces para ver de quen eran os parados. O Partido Popular dicindo que se

este é o alcalde do paro e o Partido Socialista que se o paro é culpa de Feijóo. Antes o Partido Popular dicía que o paro era culpa de Zapatero, agora o Partido Socialista di que a culpa é de Rajoy ou de Feijóo. Moito falouse de emprego nesta Corporación pero para seguir na liña da liorta política. O BNG fala de emprego nesta Corporación poñendo alternativas claras enriba da mesa como é este Plan de emprego municipal que, aínda estando na oposición, nos preocupamos de explicarllo ás entidades sociais, habida conta, tamén o hai que dicir, que o goberno local pouco fixo ou case practicamente nada en explicar os orzamentos aos colectivos sociais.

Dende esa lexitimidade democrática cando nós teñamos que suplantar aínda dende a oposición a acción do goberno para que esta cidade avance, farémolo aínda que outras forzas políticas digan o que lles pete.

Sr. alcalde e goberno local, é hora de apostar polos distintos sectores económicos e non só polas grandes empresas. É hora de apostar tamén porque este goberno local teña outros interlocutores dentro do mundo empresarial e do mundo dos emprendedores distintos dos que durante moitos anos houbo. É hora de apostar tamén dende a acción dun goberno pola innovación, por crear emprego en rede, por crear emprego en sectores que logo van deixar emprego e actividade económica permanente.

Dicíase aquí que as humanizacións ían traer non sei cantos milleiros de postos de traballo. Unha vez que pasaron esas humanizacións, veuse que o problema do paro en Vigo non tivo alteración en positivo porque foron medidas temporais.

Hai que apostar pola creación de emprego estable e hai moitos sectores: o cultural, o turístico, o das entidades sociais, o deportivo..., que tamén poden crear emprego permanente nesta cidade.

O que ocorre, señores do goberno local, é que hai que espertar e hai que se reunir e escoitar aos que nesta cidade dende hai moitos anos iniciaron tamén o camiño da aposta por ser emprendedores e emprendedoras.

O BNG apoiará estes orzamentos porque cremos que si atenden ás necesidades reais e porque ademais os cidadáns nos dan a lexitimidade para o facer. Non aprobaremos estes orzamentos por soster a algún goberno ou porque haxa un

pacto, que non o houbo nin o hai. O único pacto que ten o BNG é con esta cidade para conseguir o que realmente lle interesa a Vigo, que non o que lle interesa ao BNG. Apoiaremos estes orzamentos pero non porque queiramos entrar no goberno, porque logo dos milleiros de solicitudes que tivemos, de quererem xa estaríamos dentro. Non é por iso polo que apoiamos os orzamentos. Apoiamos os orzamentos porque pensamos que son os que merece esta cidade.

Sr. alcalde, hoxe vostede vai ter a lexitimidade democrática para a aprobación dos orzamentos. Tamén a lexitimidade social porque os colectivos nos dixeron que os querían. Sr. Alcalde, pídlle que non perda nunca esa lexitimidade. Ao principio do mandato vostede estaba a perder a lexitimidade democrática e social cando non cumpría os compromisos que se aprobaban aquí, mesmo cando impedía a algún colectivo falar no Pleno, cando se negaba, por prepotencia ás veces, cando dicían que ían facer o que quixeran independentemente do que se votara e por iso nunha ocasión, só nesa ocasión, o BNG abandonou este Pleno.

Hoxe ten vostede a lexitimidade democrática e teño que dicir que vostede tamén restaurou a lexitimidade social porque chegamos a este Pleno cos convenios da FAVEC e do Centro Cívico de Teis aprobados os dous, porque agora calquera colectivo pode e seguirá podendo falar nos Plenos, porque os cuidadores de barrio están dentro dese Plan municipal de emprego; en definitiva, porque vostede entendeu que está en minoría e que ten que acatar a decisión maioritaria desta Corporación democrática e da sociedade.

Por iso lle pido que non perda nunca esa lexitimidade social porque o día que a perda, Sr. Alcalde, o BNG tamén estará nese momento lexitimado para que nin sequera teña esa lexitimidade democrática.

Hoxe apoiaremos os orzamentos pero estaremos vixilantes para que se cumpra o que pediron os colectivos. No momento en que isto non se cumpra e vostedes non fagan caso destes orzamentos e dos seus obxectivos, nós poderemos facer dos nosos votos o que en cada momento coidemos oportuno.

A PRESIDENCIA: Antes esquecín que no Pleno anterior fixéramos unha segunda quenda de grupos de cinco minutos. Polo tanto, cando remate o Partido Popular

haberá cinco minutos para cada un dos tres grupos e rematará a concelleira de Facenda con tres minutos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Estamos hoxe aquí para debater o orzamento municipal, quizais o documento do Concello de Vigo máis importante que se debate. Resumíao perfectamente un medio de comunicación a pasada fin de semana cun título: “Un novo orzamento pero a mesma filosofía”. A mesma filosofía porque este orzamento non reflicte un proxecto de cidade, poderíase definir como de “corta e pega” porque non serve para saír da crise nin para crear emprego.

Vostedes, o goberno municipal, seguen aínda en segunda división, levan cinco anos no goberno e cinco anos levan en segunda división.

Neste documento amosan o seu compromiso real con Vigo e agora máis ca nunca, pola situación de crise que toda a cidade está a vivir, o orzamento ten que ser por riba de todo unha ferramenta para crear emprego e non para o atrancar. Este orzamento nin serve para crear emprego nin lles vai servir aos cidadáns de Vigo para saír da crise.

O Partido Socialista e o Sr. Caballero demostráronlle dúas cousas a esta cidade: que non teñen ideas para Vigo e que, como dicía Groucho Marx, “aquí están os meus principios e (señores do BNG) se non lles gustan os meus principios cambiámoslos”.

Con estas contas, señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, vostedes condenan a Vigo a saír soa e sen a súa axuda desta crise; demóstranlle a Vigo que non pode contar co seu Concello.

Esta cidade, Sr. Caballero, esixe solucións e vostedes non as achegan, traen problemas. As súas contas, señores do Partido Socialista, son irresponsables e por iso apoiálas sería irresponsable, de aí que xa anunciamos o noso voto en contra.

O orzamento xa non trata de promesas ou maquetas, senón de números e de realidades. Estas contas non lle van servir a Vigo, só lle serven ao alcalde, ao socialista Abel Caballero.

No orzamento que debatemos hoxe, dende o punto de vista técnico temos 217 millóns de euros, dos que 100 son gasto corrente, 133 gasto non corrente que,

por certo, disparouse o gasto financeiro por riba do 70%; 60 millóns de euros son para pagar salarios e só 14 millóns de euros son para investimento, un 22% menos ca no ano 2011, dos que 7 millóns son para facer beirarrúas atrasadas, 4.600.000 son para pagar facturas atrasadas que estaban no caixón e só 3 millóns para sacar a Vigo da crise .

Este orzamento reflicte ademais unha débeda que a Conta Xeral indica que ascende a 83 millóns de euros, o dobre da que se atopou á súa chegada á Alcaldía o Sr. Caballero. Teño aquí as gráficas da débeda e pódese apreciar que no ano 2003 atopámonos cunha débeda de 108 millóns de euros e no ano 2007 deixámola en 47 millóns. Vostedes atoparan a débeda en 46 millóns e agora mesmo ascende a 83 millóns de euros, iso sen ter en conta, señores do Partido Socialista, a liquidación negativa do orzamento e 9,7 millóns de euros de préstamo que se vai formalizar este ano.

Pero tamén o orzamento é o resumo da súa fracasada xestión. A auga de Vigo é agora un 70% máis cara ca noutras cidades galegas e ademais vostedes acaban de blindar Aqualia para que siga cobrando de máis aos vigueses durante outros cinco anos. Tamén subiron os impostos un 12,2% durante estes cinco anos. O transporte público de viaxeiros non deixou de perder pasaxeiros e o custe de Vitrasa segue subindo ano tras ano. Ademais o alcalde segue boicoteando a Lei de área metropolitana que nos podería vir moi ben para ter esa tarxeta de transporte metropolitano que todos os cidadáns, tanto os de Vigo como os de todos os concellos da comarca, demandan dende hai anos e que xa se puxo en funcionamento noutras zonas de Galicia, pero en Vigo aínda seguimos agardando.

Lémbrolle tamén, Sr. Alcalde, que prometeu baixar o lixo un 10% e non o fixo e asegúrolles aquí a todos os vigueses que non o vai facer.

Pero se isto é importante, é máis importante e grave a xestión do emprego na cidade de Vigo. Hoxe Vigo ten 17.000 parados máis ca cando vostede entrou no Concello, Sr. Caballero, ten 34.000 parados máis, 5.000 máis ca o ano pasado cando tamén dicían que os orzamentos, os do ano pasado, eran keynesianos, austeros, eran orzamentos que nos axudarían a crear emprego pero non serviron

para o obxectivo fundamental que é crear emprego.

Conseguiron vostedes romper as relacións coa Federación veciñal, con todos os colectivos que non lle din si a todo, Sr. Caballero. Coa Fundación Provigo, cos empresarios, co resto de administracións públicas que non son da súa cor política. Seguen boicoteando o futuro de Vigo sen o permiso dos vigueses.

Moitas veces falan de Vigo como se vostede, Sr. Caballero, fose o único representante da cidade. O Partido Popular de Vigo sacou 7.000 votos máis ca vostedes, temos dous concelleiros máis e tamén representamos a moitos dos vigueses que hoxe nos están vendo e escoitando.

Seguen boicoteando a Mancomunidade, a Área Metropolitana, o novo hospital de Vigo, o hospital público de Vigo que todos os vigueses poden ir ver, pódense acercar ver as obras, pero vostedes o seguen boicoteando. Non se entende, Sr. Caballero, que o Concello de Vigo boicotee unha obra como a do hospital de Vigo. Rexeitan agora o que o seu propio partido defendeu e vostedes, señores socialistas, asinaron a través de convenios como o do hospital, como a Área Metropolitana que callan á hora das alegacións para despois protestar unha vez aprobada, Área que é moito máis favorable para Vigo ca de Barcelona. Boicotean tamén a Cidade da Xustiza e iso é boicotear o emprego na cidade porque sabe que traería postos de traballo, como tamén a posta en marcha da Área Metropolitana.

Pero por riba de todo estes orzamentos reflicten o que non van facer. Neste orzamento non hai vocación de futuro nin proxecto para cidade, non hai apoio real e estratéxico para os sectores produtivos. Onde están o naval, a pesca ou o comercio? Non hai apoio para o sector servizos, nin para o comercio que xera o 10% do PIB de Vigo e case 10.000 postos de traballo. Sinxelamente neste orzamento están esquecidos os sectores do comercio e do turismo. Non hai nin unha soa estratexia turística eficaz localizable en todas as súas contas.

Tampouco hai xestión urbanística en Vigo dende hai cinco anos. Cando aprobaron o Plan Xeral prometeron que Vigo ía estar cheo de guindastres, pero a cidade de Vigo ten o seu urbanismo paralizado. Non hai nin un só metro cadrado de solo empresarial ou comercial. De viren unha empresa á cidade de Vigo non se pode

instalar, ten que buscar terreo en Mos, en Nigrán ou ir Pontevedra porque Vigo non lle pode ofrecer nin un só metro cadrado de solo empresarial e, polo que se ve nas súas contas, tampouco o vai haber no vindeiro exercicio.

Nós gobernamos esta cidade durante tres anos e medio e a nosa xestión quedou á vista: seis aparcadoiros, dúas piscinas, un pazo de congresos, as novas marquesiñas, o convenio co Casco Vello, o convenio do guindastre... Todo iso é a nosa xestión, Sr. Caballero, vostedes non fixeron máis ca cambiar beirarrúas e poñer algún que outro farol ou fonte.

Critican as nosas emendas e din que non traballamos, pero nestes orzamentos fixemos un traballo responsable a través dunha serie de emendas que sumaban 3,3 millóns de euros co obxectivo de mellorar no posible o catastrófico documento que nos presentaron no seu día. Estas emendas tiñan un contido claro e concreto dirixido a mellorar infraestruturas, emprego, educación, acción social, promoción de Vigo no exterior; un proxecto absolutamente real e de cidade.

Ademais destas emendas propuxemos tamén a eliminación, co conseguinte aforro, dunha serie de organismos autónomos como o Instituto Municipal dos Deportes, a Xerencia de Urbanismo, Vigo-Zoo e a Escola Municipal de Artes e Oficios coa finalidade de acadar outros 3,3 millóns de euros que sumarían case 7 millóns que se poderían destinar a verdadeiras políticas xeradoras de emprego, políticas que axudarían a Vigo a saír da crise.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Non sei por onde empezar porque me pareceu un dos discursos menos serios, por dicir dalgún xeito, dos que escoitei na miña vida. Non me estraña que na aprobación provisional non falase vostede porque con estas argumentacións quedamos bastante perplexos.

Dixo que este é un documento que non ten filosofía nin futuro de cidade, que non presenta nada e falou das súas emendas. Dixo que non crea cidade nin nada, pero as súas emendas non chegan aos 3,3 millóns de euros, polo tanto vostedes están de acordo con máis do 98% do orzamento. Dixo que este orzamento non ten filosofía nin futuro de cidade, pero se coincidimos nun 98%, iso quere dicir

que a filosofía e o futuro da cidade está nos 3,3 millóns de euros? É iso o que me está dicindo? Que as discrepancias entre vostedes e nosoutros é de 3,3 millóns de euros e que de estaren nós de acordo con estas emendas, vostedes aprobaríannos o orzamento? Non, están utilizando isto como basta escusa.

Nós non aceptamos esas emendas entre outras cousas porque son para pagar o que vostedes non queren pagar e que a Xunta está obrigada a pagar: a Cidade da Xustiza e o hospital. Nós fixemos unha proposta para a Cidade da Xustiza pola que mesmo lle saía a custe cero á Xunta, pero vostedes propoñen que os impostos municipais sexan para pagar a Cidade da Xustiza da Xunta. Queren que todos os vigueses paguemos o hospital privado de Vigo porque lle podo sacar aquí documentación que di que en Ourense a Xunta si que inviste corenta millóns de euros para un hospital público. Pero en Vigo queren que o paguemos todos os vigueses.

Tiven que rir cando falou do auditorio, síntoo, pero que digan que foron vostedes os que fixeron o auditorio... Vállame Deus!.

É certo que somos os únicos que estamos actuando en Vigo porque nin a Xunta nin a Deputación están facendo nada pola cidade de Vigo e polo tanto os irresponsables son vostedes porque foron os elixidos para defender a Vigo.

Dixo que nas propostas que nós levamos nestes orzamentos non hai nada do naval pero, onde está a súa proposta do naval? Eu non a vexo por ningures. Tamén falou de que non contemplamos o sector do turismo pero, que é a taxa cero para as terrazas?

Así podería seguir con todas e cada unha das argumentacións que vostede utilizou como a de que abandonamos as fundacións. Non, foron vostedes os que se marcharon da Fundación Provigo e deixárona tirada, os que se foron da Fundación Marco que agora sostense unicamente con fondos deste Concello. Foron vostedes os que continuamente marcharon dos distintos colectivos e fundacións.

Con respecto ao da auga, o sistema de tarifas é o mesmo que tiñan vostedes. Eu dígolles aos vigueses que comecen a mirar os recibos porque agora é precisamente a Xunta a que está poñendo un canon sobre a auga e por iso lles

van subir os recibos. Exactamente igual está facendo coas taxas universitarias, coas das garderías infantís e coas bolsas. É asombroso que veñan aquí dicindo que nós facemos algo cando é a Xunta quen o está facendo. Exactamente o que fixo co IBI: un recargo do 10% por proposta do goberno do Sr. Rajoy. Agora a Xunta está poñendo un canon sobre a auga que aparecerá nos recibos.

Con respecto ao convenio con Aqualia por fin se coñece onde van os investimentos de Aqualia porque hai cinco anos iso non se sabía. Cando nós chegamos non sabiamos onde ían ou onde estaban os investimentos de Aqualia, o único que sabiamos é que o convenio estaba vixente pero que os investimentos desapareceran. Agora toda a cidade xa sabe onde van os investimentos froito do convenio con Aqualia.

O da Área Metropolitana xa é o non vai máis porque foron vostedes, o Partido Popular, quen no último momento, no período de emendas, emendaron a lei de seu, o borrador que enviou a Vigo e cambiou o peso de Vigo, cambiouno dun 61% a un 7%. Por iso nós non estamos de acordo con que na Área Metropolitana Vigo teña un 7% porque Vigo ten o 60% da poboación. Son vostedes os que queren “ningunear” á cidade, os que non están representando nin defendendo Vigo.

Estes orzamentos son os que defenden Vigo porque crean investimento, riqueza, actúan en todos os sectores produtivos: no turismo, no comercio, nos mercados... Que fixeron vostedes polo comercio? Cantas axudas ao comercio deron? Cal foi a súa política activa de emprego? Eu pódolle dicir que nós dobramos as políticas activas de emprego, pero o goberno de Feijóo as reduciu á metade no período de máis crise económica.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Na miña primeira intervención e no nome do meu grupo eu falaba de lexitimidade á hora do posicionamento dun voto. A lexitimidade foi o núcleo fundamental da miña intervención porque cando se está en política para servir á cidadanía, para intentar mellorar as condicións de vida dos que nos rodean, que non son outros e outras ca os vigueses e viguesas, cada vez que se vote ou se levante a man nun Pleno da Corporación para nós estar lexitimados é algo moi importante. Se antes de comezar este Pleno estabamos

lexitimados para apoiar estes orzamentos polo que expliquei de cal foi o noso diálogo constante cos colectivos, a verdade é que logo de escoitar a argumentación do único grupo político que nesta Corporación non vai apoiar os orzamentos, estamos aínda moito máis lexitimados.

Señores do Partido Popular, a súa intervención semellou copiada de calquera dos grupos da oposición do Parlamento galego cando precisamente se falaba dos orzamentos que o Partido Popular aprobou. Falou vostede aquí do naval, de políticas industriais... Esa argumentación que vostede acaba de facer está practicamente calcada da que o Bloque Nacionalista Galego deulle ao goberno do Sr. Núñez Feijóo cando aprobou os seus últimos orzamentos que recortaron en políticas de emprego, en políticas sociais, en ensino, en sanidade, en servizos básicos. A que vostede deu aquí foi a mesma argumentación.

Sr. Fidalgo, sabe que lle teño moito aprecio, pero mágoa que non colla esa argumentación, chame agora mesmo ao Sr. Núñez Feijóo, que lla lea ou lla explique para que cambie as súas políticas e o seu xeito de actuar para con esta cidade e para con o resto de Galicia.

Nós non facemos política polos medios de comunicación pero a min me gusta ese titular que vostede leu: "Un novo orzamento e a mesma filosofía". Pois si porque estes orzamentos seguen mantendo a filosofía que o BNG sempre ven defendendo: uns orzamentos que distribúan a riqueza, xustos, orzamentos que primen a atención dos servizos básicos e fundamentais para os máis desfavorecidos. Que pretendía vostede? Que o BNG apoiara uns orzamentos que cambiaran esa filosofía? Que fose a filosofía do Partido Popular tanto no goberno central como no da Xunta? Claro que non, de seren esa a filosofía destes orzamentos o Bloque Nacionalista Galego non os votaría a favor.

Acaba de dicir que este é un documento catastrófico pero resulta que vostedes só intentaron cambialo nun 1,6%. Ao mellor do que non se decataron os cidadáns é de que deses 3,3 millóns de euros que vostedes emendan practicamente o 60% é para lle aforrar cartos á Xunta. Claro está que seguindo a mesma filosofía ca do Sr. Núñez Feijóo que debe ser o primeiro e único presidente autonómico de toda a historia que lle di a un goberno central que non lle traia cousas que non as quere.

Non é prioritaria a conexión de Vigo. Debe ser a primeira vez en toda a historia que un presidente dunha comunidade autónoma di isto. Eu sempre vin a todos os presidentes das comunidades autónomas ir Madrid para pedir. Así o fixo D. Anxo Quintana cando era presidente, ía Madrid para pedir. Pero nunca vin un presidente dunha comunidade autónoma que fose Madrid para dicir que non lle dean cousas; debe ser a primeira vez.

Vostedes fan exactamente o mesmo porque os dous temas fundamentais da súa intervención trataron sobre o novo hospital privado de Vigo e a Cidade da Xustiza, é dicir, actuacións polas que vostedes aquí non defenden os intereses de Vigo senón os da Xunta de Galicia. E como vostede ben dixo, a vostedes votáronlles os vigueses e as viguesas.

Remato dicindo que nós votaremos a favor destes orzamentos por unha razón que está por riba de todas, por riba do que aquí se nos di e do que podemos ler nos medios de comunicación: porque os colectivos sociais, sindicais, culturais, de entidades sociais desta cidade dixeron si a estes orzamentos. Por iso nós imos dicir si a estes orzamentos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Está claro que en Vigo o que necesitamos, Sr. Caballero, é un goberno que chegue a acordos, que tente chegar a consensos, que non estea enfrontando, que non manteña a Vigo illado e enfadado co resto de Galicia e de España. O que fai falla, Sr. Caballero, é poñerse a traballar, liderar unha cidade con todos os cidadáns detrás; un líder que traballase pola cidade e non para si mesmo. Bótase de menos outro tipo de actitudes como as que vemos noutros lugares de España onde todos a unha traballan nestes momentos de crise para sacar ás súas cidades adiante.

Sr. Domínguez Olveira, poderíase aforrar a súa intervención porque xa dende o primeiro minuto todos sabíamos que votarían a favor, a de seu é unha oposición un pouco "*sui géneris*" porque é unha oposición no goberno; aproban a investidura, as ordenanzas, os orzamentos... O Sr. Alcalde e máis os señores do Partido Socialista están moi cómodos con esa oposición. Sigán así, señores do Bloque Nacionalista Galego, porque levan cinco anos tanto no goberno como na

oposición facendo o mesmo. Xa non é que sexa un cheque en branco, parece que xa foron á entidade financeira, xa o cobraron e xa llo ingresaron na conta; xa non é nin sequera un cheque en branco.

Este acordo que se vai tomar hoxe neste Pleno carece por tanto de toda convicción política. É un pacto de goberno local que ademais se conseguiu “polos pelos” no último momento. Vimos que o venres se aprobaron en Xunta de Goberno dúas das esixencias que pedía o Bloque Nacionalista Galego para lavar un pouco a cara do voto favorable, como foron o convenio coa Asociación veciñal de Teis, 50.000 euros, que sabemos que estamos xa en xuño e a Asociación veciñal segue fóra do Centro Cívico, e 72.000 euros por un convenio asinado coa Federación veciñal que xa veremos se se cobrarán ou quedará o tema coma outros convenios que asina o Partido Socialista que ao final non chegan a ningún porto.

Hai que precisar que o apoio do Bloque Nacionalista Galego permítelle ao Grupo socialista seguir no goberno da cidade; non hai outra lectura. Señores do Partido Socialista, saben que vostedes perderon as eleccións, que non teñen a maioría dos votos e de non lles aprobar os orzamentos terían que ir á oposición.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, non serve de nada que digan que permanecerán vixilantes. O orzamento apóiase ou non, apróbase ou non; non hai medias tintas nin vixilancias.

Mantemos a nosa postura de que este orzamento non está pensado para afrontar a crise. Vigo necesita outras políticas porque este orzamento é absolutamente igual ca o do 2007, 2008 ou 2009. Poderíase presentar en calquera outro momento, é un orzamento non pensado para o momento que vive a cidade de estremada crise económica.

Vostedes seguen obstinados en gastar o diñeiro dos vigueses en cambiar beirarrúas. Nós non estamos en contra das beirarrúas pero cremos que este non é o momento de gastar o diñeiro niso, os vigueses precisan outra cousa para saír da crise, precisan que se apoie aos emprendedores, que se abra o Servizo de atención ao emprendedor, que se fagan incubadoras de empresa, que se cre en Vigo unha atmosfera favorable para que as empresas, que son as verdadeiras

xeradoras de emprego e riqueza, poidan crear postos de traballo. Iso non aparece no orzamento, señores do Partido Socialista.

Parécenos que é moi grave malgastar outros 200 millóns de euros máis porque, de xuntaren os orzamentos destes cinco últimos anos, xa levan mil millóns para que Vigo sega perdendo emprego día tras día.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Paréceme moi triste que a réplica estivese por escrito e que vostede mesmo non fose quen de reflexionar sobre o que dixemos aquí tanto o Bloque como o Partido Socialista.

Segundo as súas propias palabras vostede está demostrando que este é o mellor orzamento para a cidade porque só houbo seis alegacións e vostedes só foron capaces de emendalo en 3,3 millóns de euros, polo tanto a propia cidade nos apoia e di que este é o mellor orzamento.

Eu quero comparar a cifra de 220 millóns cos 160 millóns que devolveu a Xunta en programas de emprego. De utilizaren a Xunta eses programas de emprego en Galicia hoxe habería moitos menos parados e xente que ten problemas para pagar a hipoteca, podería pagala gracias a un programa da Xunta que, como vostedes ben saben, se negou a facer.

Vostedes deixaron claro que os que están en contra da cidade son vostedes e que os únicos que están a favor son os que hoxe aquí neste Pleno van votar a favor dos orzamentos: o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. O único que están facendo vostedes é apoiar á Xunta cando esta está subindo as taxas das garderías e este orzamento contempla diminucións nesas taxas, cando o goberno do Partido Popular lles sobe os impostos aos cidadáns e este orzamento recolle a diminución dos impostos.

Falaba vostede dos emprendedores, dicía que non se contemplaban neste orzamento. Si recóllense programas para emprendedores, pero o máis triste é que os tiña que recoller a Xunta de Galicia porque todas as políticas de emprendemento debe realizalas a Xunta de Galicia. Eu propoño a todos os que están nesta sala que asomen e vexan no edificio da "Gota de Leche" un cartel enorme que pon "Oficina de apoio ao emprendedor". Se non fose competencia da

Xunta de Galicia, para que hai un cartel da Xunta con esa lenda?

Ese edificio non está ocupado e non vai ter diñeiro porque esixían que fose este Concello quen puxera un millón de euros. Non puxemos un millón de euros pero si achegamos cartos para os emprendedores porque nós estamos de acordo con todos os vigueses que defenden a cidade, sexan do sector que sexa: do turismo, do naval, emprendedores, empresarios novos... Calquera que se achegue a Vigo para montar unha empresa ou un negocio sabe que ten o apoio do Concello, pero non ten o apoio da Xunta nin o do Sr. Rajoy.

Aí hai un cartel fantástico, estupendo, cun enorme logo da Xunta de Galicia nun edificio que está baleiro, que non ten nada. Hai moitos anuncios, moitos compromisos sobre un contrato e con acabar co paro en quince días, sen embargo o único que temos é máis paro e menos gasto por desempregado por parte da Xunta de Galicia.

Pero o goberno da cidade, que non ten competencias porque quen as ten é a Xunta de Galicia, decidiu apostar polo emprego con cinco millóns en políticas activas e ademais con 220 millóns de euros porque calquera sector económico pode xerar emprego: unha escola infantil, a creación dun parque biosaudable, as melloras das pistas deportivas... calquera actividade económica é xeradora de emprego.

A PRESIDENCIA: Rematado o debate procederemos á votación na que, como saben, vai incluída a resolución das alegacións máis a aprobación definitiva dos orzamentos. De acordo coa resolución nesta votación faremos unha valoración de voto conxunta das alegacións e da aprobación definitiva.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Oliveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal

Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada por D. Rubén Pérez Correa, con DNI, nº 36.136.982A, en calidade de Coordinador Local de Esquerda Unida de Vigo, con data de rexistro do 27.04.2012, nº de rexistro 120050740, que presenta unha alegación a un conxunto de programas orzamentarios que supón alterar as contías de 46 aplicacións orzamentarias e a creación de 4 aplicacións novas, por las seguintes causas: a) E unha alegación que propón baixas de créditos previstos en aplicacións orzamentarias que xa están comprometidos en virtude de contratos formalizados, o que suporía a resolución e liquidación dos contratos e a súa indemnización ao contratista. Os créditos que se propón a súa baixa e que xa están comprometidos en contratos formalizados totalizan 7.449.170,59 euros, o que suporía máis de 500.000 euros de indemnizacións aos contratistas. b) Proponse en outras aplicacións distintas das xa comentadas, baixas por unha contía superior cas disponibilidades, xa que a esta data, teñen unha execución no orzamento prorrogado máis elevada ca baixa que se formula. c) Propóñense baixas en créditos de persoal eventual por unha contía que, como sucede no apartado b), teñen a esta data unha execución superior, polo que non sería posible dar de baixa créditos xa executados. d) A alegación non está equilibrada, formula baixas por unha contía de 9.671.376,03 euros, e incrementos ou novas dotacións por 1.380.532,00 euros.

Segundo.- Desestimar a reclamación presentada polo Sr. Presidente do Comité de persoal, (nº de Rexistro 120051402), xa que, de acordo ao informe da Sra. Xefa de Recursos humanos, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Terceiro.- Desestimar a reclamación presentada D. Xosé Vicente Comesaña Trigo (nº de Rexistro 120051067), xa que, de acordo ao informe da Sra. Xefa de Recursos humanos, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Cuarto.- Desestimar a reclamación presentada D. Ramón Fernández Linares, (nº de Rexistro 120050773), xa que, de acordo ao informe da Sra. Xefa de Recursos humanos, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Quinto.- Estimar parcialmente a reclamación presentada por Dª Eugenia Curbera Calderón e outros, identificada no Rexistro Xeral co nº 12005102 en data 30.04.2012, no que solicitan en relación coa prolongación de Rúa Pedro Alvarado, Parcela A-30 faise, por diferencias de prezos de expropiación, xuros de mora e premio de afección por unha contía de 66.837,03 euros. O informe emitido polos servizos centrais da Xerencia de Urbanismo, non toma en consideración o premio de afección, xa que o mesmo está incluído nos pagamentos feitos. Así mesmo, faise o cálculo dos xuros atendendo as datas dos pagamentos feitos. En resumo, sen prexuízo dos recursos que procedan interpoñer unha vez que se faga a notificación, estímase a cantidade debida en 58.823,75 euros. Para facer fronte ao devandito gasto, o orzamento da Xerencia de Urbanismo, ten dotada a aplicación orzamentaria 1510.6000000, Expropiacións cun saldo axeitado e suficiente para facer fronte a devandita contía.

Sexto.- Aprobar definitivamente o orzamento para o ano 2012, tendo en conta a proposta de resolución das alegación presentadas ao orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2012, e as aprobadas polo Pleno na sesión do 30 de marzo de 2012 en relación coas emendas presentadas en comisión informativa polos Grupos Políticos Municipais, tendo o proxecto que se remite xa incorporadas as emendas aprobadas. O proxecto de orzamento está integrado por:

- Orzamento dá Entidade Local.
- Orzamento do OO.AA. Instituto Municipal do Deportes (IMD).
- Orzamento do OO.AA. Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).
- Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Orzamento do OO.AA. Parque das Ciencias VigoZoo.

Os resumos que se achegan, recollen xa o resultado da totalidade das alegacións cuxa resolución se propón.

A estrutura na que se agrupa a información toma en consideración os gastos e ingresos correntes por operacións non financeiras, gastos e ingresos de capital por operacións non financeiras e gastos e ingresos por operacións financeiras.

Orzamentos por áreas de gasto

Área	Orzamento da Entidade Local	Orzamentos consolidados
0	11.587.785,97	11.587.785,97
1	107.934.684,26	105.013.312,68
2	17.642.551,89	17.642.551,89
3	32.460.638,29	35.485.924,38
4	14.722.237,15	14.722.237,15
9	33.333.890,28	33.333.890,28
Total	217.681.787,84	217.785.702,35

Orzamento de gastos da entidade local e estados consolidados clasificado segundo a súa natureza económica¹

A estrutura que se presenta axústase ao previsto na orde 3565/2008, do 3 de decembro, polo que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Orzamento de gastos			Orzamento ingresos		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capitulo	Entidade	Consolidados
I	58.911.357,92	67.027.054,35	I	100.599.348,22	100.599.348,22
II	96.007.062,91	103.578.245,51	II	7.730.740,00	7.730.740,00
III	1.855.925,77	1.855.955,77	III	34.996.439,68	39.462.554,75
IV	36.217.669,93	20.543.634,93	IV	60.913.605,94	59.083.559,26
V			V	3.141.654,00	3.232.660,38
T. G.Co.Op.NF	192.992.016,53	193.004.890,56	T. I.Co.Op.NF	207.381.787,84	210.108.862,61
VI	12.554.108,12	13.422.992,47	VI		
VII	1.790.802,99	921.918,64	VII	,00	,00
T. G.Cp.Op.NF	14.344.911,11	14.344.911,11	T. I.Cp.ONF	,00	,00
T. G.Op.NF	207.336.927,6	207.349.801,6	T. I.Op.NF	207.381.787,	210.108.862,

1 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai aos OOAA, e os ingresos que estes fan á Entidade. Así mesmo, o axuste faise nos OOAA seguindo o mesmo criterio.

	4	7		84	61
VIII	601.000,00	692.040,48	VIII	600.000,00	691.040,48
IX	9.743.860,20	9.743.860,20	IX	9.700.000,00	9.700.000,00
T. G.Op.Cp.F	10.344.860,20	10.435.900,68	T. I.Op.Cp.F	10.300.000,00	10.391.040,48
T. G.Op.Cp.	24.689.771,31	24.780.811,79	T. I.Op.Cp.	10.300.000,00	10.391.040,48
T.X. GASTOS	217.681.787,84	217.785.702,35	T.X. INGRESO	217.681.787,84	220.499.903,09

Orzamento dos organismos autónomos administrativos

CAP	IMD		XERENCIA URBANISMO		EMAO		P. CIENCIAS VIGOZOO	
	GASTOS	INGRESOS	GASTOS	INGRESOS	GASTOS	INGRESOS	GASTOS	INGRESOS
I	2.345.764,46		3.811.314,55		1.064.777,67		870.464,23	
II	5.437.645,32		1.243.807,73		254.489,56		654.115,51	
III	,00	2.530.940,00	,00	1.561.669,06	,00	6,01	30,00	373.500,00
IV	29.164,52	5.241.634,30	1.884.906,16	8.085.493,86	,00	1.309.249,20	27.000,00	1.144.181,64
V	,00	40.000,00		7.066,26	,00	10.012,02	,00	33.928,10
VI	75.000,00	,00	793.884,35		,00		,00	
VII	,00	75.000,00	,00	793.884,35	,00		,00	
VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	30.000,00	30.000,00
T.X	7.911.614,78	7.911.614,78	7.758.912,79	10.473.113,53	1.331.267,23	1.331.267,23	1.581.609,74	1.581.609,74

Sétimo.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á entidade local e os seus organismos autónomos, coa salvidade das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Oitavo.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Noveno.- Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local. Aprobar o cadro de persoal dos seus organismos autónomos administrativos relacionados no apartado sexto desta proposta.

Décimo.- Axustar tecnicamente a documentación que conforma o expediente do orzamento no caso de ser necesario.

Décimo primeiro.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

Décimo segundo.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior.

Décimo terceiro.- O orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e producirá os seus efectos dende o un de xaneiro.

Décimo cuarto.- De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

Décimo quinto.- Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral.

Décimo sexto.- Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2012, aprobábase un diferimento nas entregas a conta das devolucións correspondentes ao exercicio 2008-2009 e o Concello se acollese a esta posibilidade, ou aprobábase outras contías nas entregas para o ano 2012, así como se notificábase ou ingresábase unha liquidación definitiva do exercicio 2010, se fose o caso, procederábase a facer os axustes positivos de maior ingreso por xeración de créditos no estado de gastos ou a facer un axuste no estado de gastos para facer fronte os cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e trinta e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como

S. Extraord. 04.06.12

secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL ACCTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela.